

RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA QUE TIVO LUGAR O DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2007

O día 22 de febreiro de 2007, ás 9:30 horas en segunda convocatoria, comeza a sesión ordinaria do Claustro da Universidade da Coruña no Paraninfo da Reitoría, presidida polo Excmo. e Magnífico Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**.

1. Constitución do Claustro

De acordo co apartado 7 das Normas para funcionamento do actual Claustro, aprobadas polo Claustro na súa sesión do 12 de decembro de 2002, o Claustro constitúese validamente en segunda convocatoria.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior, que tivo lugar o día 5 de maio de 2006

O Sr. Reitor informa de que se aproba a acta da sesión ordinaria do Claustro que tivo lugar o día 5 de maio de 2006, cuxa copia foi depositada nos centros da Universidade da Coruña, coa debida antelación, para a súa consulta por parte dos membros do Claustro.

A acta **apróbbase** por asentimento.

3. Designación da Mesa de idade

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen intervén para ler a relación de membros titulares e suplentes do Claustro que deben formar provisoriamente a Mesa por razón da súa idade. Contando tamén coa presenza do reitor e do secretario xeral, queda constituída a Mesa provisoria do Claustro polas seguintes persoas:

- Luaces Rodríguez, Manuel
- Hervella Nieto, Luis María
- Pérez Pereira, Antonio
- López Taboada, Guillermo
- Castro Pousa, Tamara
- Noriega López, Gabriel
- Cardelle Barreiro, Eduardo

- Serrano Buján, Roberto

4. Debate das propostas recibidas sobre a composición da Mesa do Claustro. Votación das propostas

Antes de comezar este punto concreto da orde do día, o Sr. López Pereira formula unha cuestión de orde ao abeiro do establecido nos puntos 10 (relativo a que «en que calquera momento do debate un membro do Claustro poderá pedir ao presidente a observación das Normas, citando expresamente o precepto ou preceptos para os que reclame a súa aplicación») e 11 (segundo o cal «calquera membro do Claustro poderá presentar perante a Mesa mocións de palabra ou por escrito, avaladas por, polo menos, 15 claustrais, que serán debatidas nas sesións sempre que se refiran a puntos da orde do día») das Normas para funcionamento do actual Claustro. Por medio duns escritos que figuran no **ANEXO IV** da acta desta sesión do Claustro, o Sr. López Pereira solicítalle á Mesa provisoria do Claustro que se retiren da orde do día os puntos 4 e 5, por entender que o que corresponde non é adoptar acordos sobre a composición da Mesa do Claustro e sobre a configuración dos sectores de representación do Claustro no Consello de Goberno, senón elixir os membros que deben formar parte da Mesa do Claustro e os membros que deben ostentar a representación do Claustro no Consello de Goberno, atendendo, respectivamente, ao aprobado polo Claustro na súa sesión do día 29 de outubro de 2002 e ao que establece o Regulamento interno do Consello de Goberno, aprobado na súa sesión do día 16 de marzo de 2005.

Igualmente, pide a palabra a Sra. Martínez López para solicitar que se manteña a orde do día tal e como foi aprobada pola Mesa do Claustro en funcións, nas súas sesións dos días 31 de xaneiro e 8 de febreiro de 2007, sen que se elimine ningún dos puntos a que fixo mención o Sr. López Pereira.

A Mesa provisoria do Claustro acorda suspender a sesión e retirarse á Sala de Xuntas da Reitoría para deliberar sobre as cuestións aquí formuladas. Unha vez finalizada a súa deliberación, a Mesa provisoria do Claustro acorda, por cinco votos a favor e catro votos en contra, manter a orde do día da convocatoria do Claustro tal e como foi aprobada pola Mesa do Claustro en funcións. Para os efectos do establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os Sres. Luaces Rodríguez, Pérez Pereira, López Taboada e Serrano Buján solicitan que conste por escrito o seu voto en contra de manter a orde do día da convocatoria desta sesión do Claustro.

Despois de que continúe a sesión do Claustro e de lles comunicar aos membros do Claustro a decisión da Mesa provisoria do Claustro, o Sr. Reitor dá conta das dúas propostas, formalmente presentadas, a respecto da composición da Mesa do Claustro e explica o procedemento que se vai seguir para o desenvolvemento do debate das propostas en cuestión, que serán defendidas pola orde en que se presentaron no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña.

Pide a palabra a Sra. Fernández Esteller para preguntar sobre os motivos que xustifican que se actúe de diferente maneira no caso da elección dos membros da Comisión Electoral Central a respecto do caso da elección da representación do Claustro no Consello de Goberno, tendo en conta que nos dous supostos sinalados a normativa aplicable foi precisamente aprobada polo Consello de Goberno e que calquera modificación dela debería operarse conforme ao propio procedemento que nela se sinala, especialmente no caso da representación do Claustro no Consello de Goberno. O Sr. Reitor intervén para indicar que as observacións da Sra. Fernández Esteller forman parte do debate que se debe abrir nos correspondentes puntos da orde do día sobre tales cuestións, á parte do feito de que o Claustro é soberano para se pronunciar sobre tales cuestións ao abeiro sempre do establecido nos Estatutos da Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor dálle a palabra, en primeiro lugar, á Sra. Martínez López para que defenda a proposta A, que figura no **ANEXO V** da acta desta sesión do Claustro. Segundo a Sra. Martínez López, trátase dunha proposta da composición da Mesa do Claustro en que se reflicte, do xeito máis axustado posible, a composición actual dos distintos sectores que integran o Claustro, tendo en conta o que para tales efectos establecen tanto a Lei orgánica de universidades como os Estatutos da Universidade da Coruña, que é algo que non se pode afirmar da composición actual que se solicita cambiar, porque só se axusta á Lei orgánica de universidades, mais non ao que dispoñen os Estatutos da Universidade da Coruña a propósito das porcentaxes de representación dos distintos sectores do Claustro. Uns Estatutos, sempre segundo a Sra. Martínez López, que Nova Luce non compartía nin aceptaba, polo que presentou unha emenda á totalidade no seu día, mais que agora hai que aplicar por así o esixir o principio de legalidade. Por todo isto, entende que a Mesa do Claustro debe reflectir a composición dos distintos sectores que conforman o Claustro, elixido conforme ás porcentaxes que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña e sempre sobre a base de que esta proposta é unha proposta coherente, legal e lexítima.

Unha vez finalizada a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra, en segundo lugar, ao Sr. López Pereira para que defenda a proposta B, que figura no **ANEXO VI** da acta desta sesión do Claustro. Comeza a súa intervención con agradecementos aos membros da Mesa de idade por aceptaren formar parte dela e polo labor que están a facer, indicando a continuación que este Claustro debería terse constituído antes e non tres meses despois da realización das eleccións. Afirma que o Claustro se debeu convocar antes para elaborar un novo regulamento de réxime interno, que puxese fin aos problemas que agora ten o Claustro, que son problemas xurídicos ou de legalidade a que terá que facer fronte o Sr. Reitor, caso de posteriores impugnacións. Precisamente por isto, o Sr. López Pereira indica que a proposta que está a explicar defende a legalidade, porque non se aparta do establecido até o de agora ao respecto e para os sectores máis febles da nosa universidade, que é o caso do persoal de administración e servizos e do estudantado, porque a través dela poderán manter as súas actuais porcentaxes de representación.

Despois de finalizar a exposición das dúas propostas, o Sr. Reitor abre unha quenda de intervencións para que os membros do Claustro manifesten o seu parecer sobre tales propostas.

En nome dos Comités Abertos de Facultade, comeza esta quenda o Sr. García Camba sinalando que a proposta B, defendida polo Sr. López Pereira, non é coherente co que defendeu e aprobou no pasado quen agora a formula, que é causa da regulación sobre porcentaxes de representación contida nos vixentes Estatutos da Universidade da Coruña, que non comparte. Sobre a base de que agora é estéril debater sobre a Mesa do Claustro que, en todo caso, debe neste momento reflectir no seu seo a composición do Claustro, afirma que o verdadeiramente importante é mudar os Estatutos da Universidade da Coruña para garantirlle unhas maiores porcentaxes de representación ao estudantado nos órganos colexiados, unha razón pola que lle pide ao Sr. Reitor e a Nova Luce que actúen neste sentido, porque así se comprometeran no seu día. Coincidindo co formulado polo Sr. García Camba, tamén interveñen as Sras. González Veira e Canosa Ferrío. O Sr. Santos Paz manifesta o seu parecer afirmando que o lóxico e coherente neste momento é aplicar a lexislación vixente, unha razón pola que a Mesa do Claustro debe reflectir a composición actual do Claustro. Tamén participa o Sr. Valderruten Vidal para insistir en que este Claustro é un Claustro renovado, que ten toda a lexitimidade e soberanía para reflectir proporcionalmente a composición do Claustro na súa propia Mesa e para regular as cuestións que sexan da súa competencia, tanto agora, cos actuais Estatutos da

Universidade da Coruña, como tamén despois, coas previsibles reformas da Lei orgánica de universidades. Igualmente, intervén o Sr. Ruano Gómez, que amosa a súa sorpresa polas intervencións dos estudantes que o precederon no uso da palabra a respecto das porcentaxes de representación, que entende que deben manterse tal e como están agora, sen que se leve a cabo ningunha modificación nelas. O Sr. Perujo Fariña tamén amosa a súa sorpresa polo comportamento dos seus compañeiros estudantes sobre a rebaixa das porcentaxes de representación do estudantado na Mesa do Claustro e defende a composición actual desta. A Sra. Martínez López intervén de novo para insistir nos argumentos a favor da proposta A, que antes lles explicou aos membros do Claustro. O Sr. López Pereira tamén fai o mesmo a respecto da súa proposta, matizando que non é unha proposta demagóxica e que non entende nin comparte a quen sostén que hai que mudar as porcentaxes porque prexudica o estudantado e o persoal de administración e servizos. Nesta quenda de intervencións, a Sra. López Fernández tamén amosa a súa sorpresa tras apreciar como os responsables da aprobación dos actuais Estatutos da Universidade da Coruña e, por tanto, das porcentaxes de representación dos distintos sectores da nosa comunidade universitaria, defenden agora porcentaxes diferentes, alegando para tales efectos a protección dos que eles chaman máis febles, cando o que agora toca é aplicar as porcentaxes aprobadas no seu día, que son as que fan que eses sectores estean, precisamente, menos representados. Remata esta quenda de intervencións a Sra. González Martínez, que afirma que a composición deste novo Claustro é unha consecuencia duns Estatutos que non apoiaron no seu día, por atribuírlle tan só un cinco por cento de representación ao persoal de administración e servizos, por esta razón alédase de ver como os que aprobaron tales Estatutos apoian agora outras porcentaxes de representación e pídelles que na reforma dos citados Estatutos secunden a proposta de incrementar até o nove por cento a porcentaxe de representación do persoal de administración e servizos. E pídelles tamén, ao Sr. Reitor e a Nova Luce, o compromiso por escrito de que se van reformar os Estatutos da Universidade da Coruña antes de que remate o mandato do actual equipo de goberno da nosa universidade, incrementándose nesta reforma até un nove por cento a porcentaxe de representación do persoal de administración e servizos.

O Sr. Reitor toma a palabra para indicar que se procederá, a continuación, a votar as propostas antes defendidas. O Sr. Reitor explícalles aos membros do Claustro o procedemento de votación, que será secreto e por chamamento nominal, lembrando que a proposta A foi a defendida pola Sr. Martínez López e que a proposta B foi a defendida polo Sr. López Pereira.

Despois da votación secreta, por chamamento nominal, e do escrutinio realizado polos membros da Mesa de idade, o Sr. Reitor informa os membros do Claustro de que a proposta que se aproba é a proposta A, porque recibiu máis votos e tendo en conta que resultado da votación foi o seguinte:

Número de votos emitidos: 247

Número de votos emitidos a favor da proposta A: 173

Número de votos emitidos a favor da proposta B: 69

Número de votos emitidos en branco: 5

5. Debate das propostas recibidas sobre a representación do Claustro no Consello de Goberno. Votación das propostas

O Sr. Reitor informa os membros do Claustro de que, neste concreto punto da orde do día, igual que no anterior, existen dúas propostas presentadas en tempo e forma a respecto do sistema de representación do Claustro no Consello de Goberno. Igualmente, dá conta do procedemento que se vai seguir para o desenvolvemento do debate das propostas en cuestión, que serán defendidas segundo a orde de presentación no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña.

Tendo en conta o que se acaba de sinalar, o Sr. Reitor dálle a palabra, en primeiro lugar, á Sra. Martínez López para que defenda a proposta A, que figura como **ANEXO VIII** da acta desta sesión do Claustro. Comeza a súa intervención indicando que a proposta que defende parte da adecuación da composición do novo Claustro ao establecido na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade da Coruña, de maneira que as porcentaxes que nela se propoñen pretenden reflectir os distintos sectores que conforman a composición do Claustro, axustándose, deste xeito, ás porcentaxes que recollen os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados no seu día co voto en contra do Nova Luce, mais que agora hai que aplicar. E remata sinalando que se trata dunha proposta elaborada de conformidade co disposto para tales efectos nos artigos 25.2.d) e 28.1.c) dos Estatutos da Universidade da Coruña, que lle recoñecen ao Claustro a plena competencia ao respecto.

O Sr. Reitor dálle a palabra, en segundo lugar, ao Sr. López Pereira para que defenda a proposta B, que figura no **ANEXO VI** da acta desta sesión do Claustro. Comeza a súa intervención incidindo nos mesmos principios alegados no anterior punto da orde do día, porque se trata de manter, sobre a base do

principio de legalidade, a mesma representación claustral no Consello de Goberno. Sostén que a representación do Claustro no Consello de Goberno é unha cuestión que xa aparece regulada, concretamente no Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno, que foi aprobado o 16 de marzo de 2005 e que regula especificamente esta cuestión da representación do Claustro no Consello de Goberno. Conclúe a súa quenda defendendo as porcentaxes actuais de representación dos distintos sectores do Claustro no Consello de Goberno porque ademais garante unha maior representación a sectores específicos do Claustro, como é o caso do persoal de administración e servizos.

Unha vez finalizada a quenda de defensa das dúas propostas, o Sr. Reitor abre unha quenda de intervencións para que os membros do Claustro manifesten o seu parecer sobre as propostas en cuestión.

Ábrese a quenda coa intervención do Sr. Gabriel Fernández, quen sostén que as dúas propostas que se someten a debate gozan de toda lexitimidade, mais a formalizada por Nova Luce ofrece referentes externos e obxectivos que a dotan de maior substantivación, que son os relacionados co peso dos distintos sectores que integran a composición actual do Claustro, que é unha consecuencia das distintas porcentaxes de representación que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña. Trátase dunha proposta que, sobre a base do que se acaba de indicar, pode axudar neste momento a evitar os conflitos derivados das discusións sobre porcentaxes concretas de representación. De seguido, toma a palabra a Sra. Fernández Esteller, quen non quere entrar no específico tema das proporcións, tendo en conta que o aquí se está a determinar é unha cuestión de legalidade, sempre sobre a base de que o Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno xa resolve o tema da representación do Claustro no propio Consello de Goberno, unha razón pola que o Claustro non pode modificar unilateralmente o acordo do Consello de Goberno que aprobou tal regulamento, pois non posúe competencias para tales fins. Precisamente por isto que se acaba de indicar, pregunta de novo sobre as razóns que determinan que se actúe de diferente maneira no caso da elección dos membros da Comisión Electoral Central a respecto do caso da elección da representación do Claustro no Consello de Goberno, considerando que nos dous supostos sinalados a normativa aplicable foi precisamente aprobada polo Consello de Goberno e que calquera modificación dela debería realizarse conforme ao propio procedemento nela sinalada, especialmente no caso da representación do Claustro no Consello de Goberno. Tamén intervén o Sr. Valderruten Vidal, quen incide de novo no principio de proporcionalidade na representación do Claustro no Consello de

Goberno que, neste caso concreto, só ten unha limitación, que é a establecida nos propios Estatutos da Universidade da Coruña para o caso concreto do estudantado, cando fixa directamente o número de estudantes que poden estar no Consello de Goberno en representación do Claustro. Igualmente, toma a palabra a Sra. González Martínez quen, despois de sinalar que votaron no seu día en contra dos Estatutos da Universidade da Coruña porque, entre outros motivos, o seu artigo 28 non menciona expresamente o persoal de administración e servizos, sostén que o obxectivo debe ser unha reforma dos citados Estatutos que estableza a súa porcentaxe de representación pois, deste xeito, evítase que o persoal de administración e servizos desta universidade sexa o único de todo o Estado coa porcentaxe de participación máis baixa e que se empregue con fins electoralistas, en función de cada momento, o tema da representación deste colectivo. De novo, pídelles o apoio para unha reforma de tales características aos que no seu día aprobaron os Estatutos e o compromiso por escrito ao Sr. Reitor e a Nova Luce para que esta reforma se realice antes de que remate o mandato do actual equipo de goberno. O Sr. Reitor intervén para indicar que ese compromiso xa existe, e por escrito, no programa que presentou para a súa elección como reitor pola comunidade universitaria. Unha vez finalizada a súa quenda, o reitor dálle a palabra ao Sr. Ferreiro Baamonde, quen afirma que as porcentaxes de representación deben estar en función do protagonismo que debe ter o Claustro dentro da relación de órganos de goberno da nosa universidade, despois de indicar que, como representante dunha parte do sector das restantes categorías do persoal docente e investigador, este sector é feble non só nas súas porcentaxes de representación e que tales porcentaxes non deben ser nunca conxunturais. Conclúe esta quenda de intervencións dos membros do Claustro a Sra. Martínez López para insistir na relación que existe entre a Lei orgánica de universidades, os Estatutos da Universidade da Coruña e o Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno, precisamente, porque aínda que non carece de xustificación lóxica a postura mantida pola Sra. Fernández Esteller, o certo é que hai que interpretar as citadas normas tendo en conta o contexto en que se aplican, que é o caso do establecido no artigo 5 do citado regulamento de réxime interno, cuxa orixe está nun acordo do Consello de Goberno anterior á aprobación dos nosos Estatutos, que foi aprobado cando o Claustro aínda non reflectía na súa composición o establecido para tales efectos nos Estatutos da Universidade da Coruña. Sobre a base de que o novo Claustro está constituído de conformidade co que establecen a Lei orgánica de universidade e os nosos Estatutos, sostén que este é un novo contexto en que se debe interpretar e se debe aplicar a relación existente entre a Lei orgánica de universidades, os Estatutos da Universidade da Coruña e o Regulamento de réxime interno do Consello de

Goberno, debendo facer prevalecer os Estatutos sobre o que dispón a Normativa de réxime interno do Consello de Goberno e, por conseguinte, defender a competencia do Claustro tamén nesta materia.

Despois de finalizar a quenda de intervencións, o Sr. Reitor toma a palabra de novo, para indicar que se votarán, a continuación, as propostas que se defenderon anteriormente, explicándolles tamén aos membros do Claustro o procedemento de votación, que será secreto e por chamamento nominal, lembrando que a proposta A foi a defendida pola Sr. Martínez López e que a proposta B foi a defendida polo Sr. López Pereira.

Despois da votación secreta por chamamento nominal e do escrutinio realizado polos membros da Mesa de idade, o Sr. Reitor informa os membros do Claustro de que a proposta aprobada porque recibiu máis votos é a proposta A, tendo en conta que o resultado da votación foi o seguinte:

Número de votos emitidos: 242

Número de votos emitidos a favor da proposta A: 172

Número de votos emitidos a favor da proposta B: 66

Número de votos emitidos en branco: 4

Despois de anunciar o resultado desta votación e reparando na hora en que se está a desenvolver esta sesión do Claustro, o Sr. Reitor informa os membros do Claustro do procedemento para elixir os membros da Mesa do Claustro, para elixir as persoas que representan o Claustro no Consello de Goberno e para elixir os membros da Comisión Electoral Central, indicándolles que a presentación de candidaturas comezará ás 13:40h, a votación destas ás 15:10h e que rematará ás 17:45h, procedéndose, a continuación, ao recuento dos votos.

6. Comisión Electoral Central

Neste concreto punto da orde do día, o Sr. Reitor dálles conta aos membros do Claustro da necesidade de elixir, tamén nesta sesión do Claustro, os membros da Comisión Electoral Central, tendo en conta que o artigo 10 do Regulamento electoral xeral da Universidade da Coruña, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do día 20 de outubro de 2004, dispón que a citada Comisión Electoral Central está integrada por «cinco vogais elixidos polo Claustro de entre os seus membros, garantíndose a representación de todos os sectores que o integran: dous profesores funcionarios doutores, un membro das restantes

categorías do persoal docente e investigador, un estudante e un membro do PAS».

7. Regulamento de Réxime interno do Claustro

Apróbase por asentimento que sexa a Mesa do Claustro a encargada de elaborar e de presentar para a súa aprobación, se proceder, na seguinte sesión do Claustro, un novo Regulamento de réxime interno do Claustro, que substitúa as Normas para o funcionamento aprobadas polo Claustro na súa sesión do 12 de decembro de 2002.

8. Quenda aberta de intervencións

Comeza este punto de quenda aberta de intervencións a Sra. González Veira, quen pregunta sobre os criterios de funcionamento das aulas de estudo existentes en Elviña e no Centro Universitario de Riazor porque, aínda que ofrece cambios moi positivos a respecto dos horarios, segue rexistrando certas eivas, tales como as relativas ás condicións de acceso para as persoas con discapacidade e a certas deficiencias que poden ser corrixidas con acordos específicos co Concello da Coruña, no sentido de que os centros municipais dos barrios amplíen os seus horarios para facilitar que o alumnado poida estudar sen problemas e os servizos de transporte dependentes da citada corporación municipal axusten, en determinados momentos, o seu horario ao da aula de estudo do edificio Xoana Capdevielle. Tamén solicita que as bibliotecas da antiga Escola de Maxisterio e da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas ofrezan as mesmas condicións de uso que o Centro Universitario de Riazor. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que toma nota das súas suxestións e que, nalgún dos puntos sinalados pola Sra. González Veira, xa se están a tomar medidas no sentido por ela indicado, como é o caso da eliminación de barreiras ás persoas con discapacidade.

O Sr. González Somoza centra a súa intervención sobre os problemas de espazo que presenta o comedor da Escola Técnica Superior de Arquitectura e as solucións que desde a Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental se lle teñen ofrecido, que ían no sentido de habilitar espazos compartidos destinados para tales fins e non no de ampliar o espazo propio do citado comedor. Gustaríalle ter información sobre como se están a resolver os citados problemas de espazo. O Sr. Reitor respóndelle que se está na fase de elaboración dos

proxectos concretos para proceder a tales reformas e que se vai acelerar agora, despois de se resolveren certos problemas de ordenación de espazos.

A Sra. Traba Pérez tamén intervén para manifestar as dificultades que existen no acceso aos campus de Elviña e da Zapateira, que entende que deben eliminarse. Incide tamén na necesidade de que existan pasos de peóns desde a Facultade de Filoloxía até a parada do transporte público de pasaxeiros e tamén na Facultade de Socioloxía, pois o tráfico de vehículos é moi intenso nestas zonas. E remata a súa intervención solicitando maior celeridade no soterramento das liñas de alta tensión que están pegadas á Facultade de Filoloxía. O Sr. Reitor indícalle que o acceso aos campus se vai modificar na súa forma, mais sempre sobre a base de que é competencia doutras institucións. A propósito dos pasos de peóns, o Sr. Reitor coméntalle que se van ampliar tendo en conta, ademais, que é zona 30, aínda que non depende só da Universidade da Coruña, na medida en que se trata dunha cuestión xeral de tráfico. E a respecto das liñas de alta tensión, contéstalle que a Universidade da Coruña xa se ten posto en contacto con FENOSA e coa consellaría competente da Xunta de Galicia para proceder a este e a outros soterramentos, que é unha materia tecnicamente complicada, mais que se está a traballar sobre o asunto.

O Sr. López Iglesias toma a palabra para expoñer que, hai anos, se enviaron na Facultade de Informática, como proba piloto, as correspondentes cualificacións académicas por medio de mensaxes telefónicas (sistema SMS) aos celulares, unha razón pola que lle gustaría saber se se ten pensado retomar este medio de comunicación en concreto, que xa se está a utilizar en universidades como a de Santiago de Compostela. O Sr. Reitor contéstalle que se vai retomar unha vez se implante o novo sistema de xestión académica, denominado formalmente XESCAMPUS.

O Sr. Delgado Martín centra a súa intervención en tres cuestións en concreto. A primeira é a relativa a unha listaxe de preguntas formuladas, na última sesión do Claustro, polo Sr. Pérez Roel, que agora non ten a condición de claustral e que non foron contestadas aínda polo Sr. Reitor. A segunda é sobre o actual Plano de financiamento das tres universidades galegas, que debería estar vixente até o ano 2010, pois semella que se vai renegociar, por esta razón solicítalle ao Sr. Reitor información ao respecto, se a houbese. A terceira ten que ver co Plano estratéxico da Universidade, que xa está aprobado e a súa presentación a este Claustro, pois gustaríalle saber cando se ten pensado informar deste aos membros do Claustro. O Sr. Reitor indícalle que na seguinte sesión do Claustro

se presentará o Plano estratéxico, que tamén será aproveitada para a presentación da memoria xestión, en que están moitas das respostas ás preguntas formuladas polo Sr. Pérez Roel. A propósito do Plano de financiamento das tres universidades galegas, o Sr. Reitor sinalalle que seguirá vixente até o ano 2010, sen que se realizasen até o momento reunións para a súa renegociación, nin tampouco se elaborasen documentos ao respecto.

O Sr. Teijeiro Vidal quere aproveitar a súa intervención para amosar a preocupación que existe sobre o futuro das titulacións de Medio Ambiente, de termos en conta as declaracións do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, e do ciclo clínico de Medicina, aprobado este último polo Claustro e polo Consello Social e pendente de aprobación pola Xunta de Galicia. Esta preocupación incrementase no caso concreto de Medicina por causa das novas que informan do interese que ten a Universidade de Santiago de Compostela en que sexan os seus profesores os encargados da docencia clínica no complexo hospitalario Juan Canalejo da cidade da Coruña. Conclúe a súa intervención preguntando sobre o estado actual da solicitude de implantación do ciclo clínico de Medicina na Universidade da Coruña. A respecto da titulación de Medio Ambiente, o Sr. Reitor sostén, con todos os respectos, que non hai que facer moito caso ás declaracións do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, pois a competencia para decidir sobre estas cuestións non é desta consellaría. E a respecto do ciclo clínico de Medicina, explica que a Xunta de Galicia aínda non quere abrir o debate sobre as titulacións porque está á espera de que se aclare o futuro das titulacións, despois da implantación da nova estrutura destas en graos e en posgraos, un feito que non impide que a Universidade da Coruña siga a defender nas consellarías de Sanidade e de Educación e Ordenación Universitaria que sexan os seus docentes os encargados de impartir a docencia clínica no complexo hospitalario Juan Canalejo da cidade da Coruña.

Remata esta quenda aberta de intervencións o Sr. García Camba, quen toma a palabra para solicitar que se resolvan os problemas de aplicación na normativa académica e que se lle dea máis publicidade. Tamén suxire que, nos proxectos de construción de vivendas universitarias, poida formar parte o estudantado a través de mecanismos específicos de participación, como poden ser mesas, pois isto permitirá, entre outras cousas, que o estudantado teña máis información e poida orientar tamén a súa planificación. O Sr. Reitor informa que está en pleno desenvolvemento, concretamente na fase de execución da primeira parte e que cada unha das fases é consecuencia do establecido no convenio asinado no seu

día coa Consellaría de Vivenda e Solo que, por certo, é un convenio cuxos froitos están a servir de modelo para actuacións concretas do Ministerio de Vivenda.

Xusto antes de rematar a sesión, os representantes da agrupación estudantil GADED piden que sexan máis frecuentes as sesións do Claustro, porque isto determina que haxa máis participación por parte da comunidade universitaria e que se fagan efectivas as porcentaxes de representación sobre as que tanto se falou hoxe. O Sr. Reitor respóndelle que é a súa intención convocar regularmente o Claustro, máximo tendo en conta que a súa composición, agora, se axusta totalmente ao que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña.

9. Eleccións de membros da Mesa do Claustro, representantes do Claustro no Consello de Goberno e membros da Comisión Electoral Central

De conformidade co procedemento para tales eleccións, establecido na orde do día da convocatoria desta sesión do Claustro, resultan elixidas, despois do escrutinio que se relaciona no **ANEXO II**, as persoas que figuran no **ANEXO III**.

Sen máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 20:00 horas do día 22 de febreiro de 2007.